# Recomendacións

# de verán



# Libros infantís e xuvenís (ESO)




Novela xuvenil sobre a emigración a USA dende Centroamérica a bordo dun perigoso tren de carga.




Xa un clásico que segue gustando á rapazada. Aventura, ciencia ficción e distopía. Novela.

Biografía en banda deseñada, que forma parte dunha serie onde hai máis científicos e filósofos. Para público dos primeiros cursos da ESO.




Relato de aventuras e mar. Triste, pero precioso. Recomendado polas nosas amigas as profes portuguesas Alda, Aldina e Carmen. De breve extensión, pódese ler fácil en castelán ou portugués.







Reescritura da historia de Peter Pan, o neno que non quería medrar. Novela.
Para os primeiros cursos da ESO.




Lía e Ana, xuntas, tratan de voar, como Ícaro.
Premio O Facho de Teatro Infantil 2022. Ilustrado por María Méndez.
Para os primeiros cursos da ESO.

# Libros infantís e xuvenis (ESO)




A historia dunha vampira anterior ao conde Drácula.
Novela finalista do XV Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil. Para os primeiros cursos da ESO.




Trinta poemas dende a lírica medieval ata os últimos premios nacionais de poesía, vencellados por nexos temáticos comúns. Poesía.

Selección de textos literarios dos autores desta etapa da literatura galega.




Narración en banda deseñada da peregrnación a Santiago dende O Cebreiro







Historia de dúas adolescentes que deciden concursar nun *talent Show*.
Premio Garaxe Hermético de banda deseñada 2023.




Historia de inmigración: a chegada a Europa dun ancián e a súa neta e de como se adaptan e sobreviven.
Novela.

# Para toda a familia, e algo de música




Os retos da ciencia actual e a necesidade da curiosidade e o espíritu crítico, explicado todo con amenidade e claridade.

Divulgación científica.




Libro ilustrado de gran formato sobre as distintas especies de saurios.
Divulgación científica.

Para pais, nais e adolescentes. Consellos e estratexias sobre esa etapa da vida.




Novela de ciencia ficción sobre un astronauta que desperta, despois dun coma inducido, a millóns de quilómetros da súa casa.







A historia do xenial poeta granadino, contada como novela gráfica.




Folclore galego con violín, acordeón e voz.

# Libros de adultos (desde Bacharelato)




A poesía máis íntima e personal da autora. Amores, desamores e outras feridas.




Unha reflexión sobre a memoria e o amor. A última novela que nos lega este autor neoiorquino, recentemente falecido.

Unha historia de dúas mulleres de dúas épocas distintas nun contexto de maxia e bruxería. Novela.




Novela de ciencia ficción gañadora do premio Hugo en 2015. Unha historia sobre o papel da ciencia na sociedade actual.







Para fanáticos da banda deseñada e a súa historia e modalidades. Ensaio, divulgación.




Novela da etapa xuvenil da autora e de carácter epistolar, chea de enxeño e ironía, e cunha protagonista manipuladora á que só lle importa conseguir os seus obxectivos.

# Libros de adultos (desde Bacharelato)

Unha antoloxía para coñecer ou reler a poesía da autora homenaxeada este ano no Día das Letras.




Novela inquietante sobre as consecuencias negativas dos avances científicos e do pensamento humano. Do mesmo autor de *Un verdor terrible*.







Historia sobre a amizade feminina e mulleres decididas, cun pouso de infancia con arrecendo a pan. Novela.




Novela negra sobre un crime horrible cometido en Compostela e deseñado como se fose unha obra de arte.

Poesía gozosa e luminosa. Apaixoada pola vida. Dos libros que gañan lectores para a causa (neste caso, para a poesía).




Edición ilustrada por Ana Juan e traducida por Isabel Hernández. Oportunidade para ler ou reler esta turbsadora novela do autor checo, falecido hai agora cen anos.



# FELIZ VERÁN...



# CON MOITOS LIBROS